

Informe de Tesouraría da Asemblea de socios do 20230513.

Nesta asemblea o informe de tesouraría tratará os seguintes aspectos da marcha económica do museo:

- 1.- O peche das contas de 2021, aprobadas pola asemblea do Padroado de maio do 2022
- 2.- O orzamento de 2023 aprobado pola asemblea do Padroado de decembro de 2022
- 3.- O desenvolvemento do exercicio económico do ano en curso e as expectativas que presenta.

O ano 2021 foi un ano complexo na xestión do museo pola posta en marcha da instalación das Salas de Historia. Houbo que realizar gastos obrigados por todos os traballos de posta en condicións dos locais para acoller as novas instalacións. Isto levou a que o ano o cerrásemos cunha perdas de 121.305,47 €, debido basicamente aos custes de acondicionado do Salón Real e de Rexedores e da antiga Sala de Pintura, gastos que tivo que afrontar o museo.

Esta cifra sería moi preocupante se non se tivese un balance saneado. No Balance de situación do ano o Activo corrente é de 771.042,01 € e o Pasivo corrente é de 103.548,18 €. Como vedes os recursos do museo superan en 7,44 veces ás débedas.

As principais cifras do peche de contas resúmense no seguinte cadro:

| <i>Conta de Perdas e Ganancias</i> | <i>2021</i> |
|---|--------------------|
| A) EXCEDENTE DO EXERCICIO | |
| 1. Ingresos da actividade propia | 484.081,78 |
| 2. Ventas e outros ingresos da actividade mercantil | 44.859,02 |
| 3. Gastos por axudas e outros | -2.285,83 |
| 6. Aprovisionamentos | -5.054,89 |
| 7. Outros ingresos da actividade | 3.408,41 |
| 8. Gastos de persoal | -489.978,47 |
| 9. Outros gastos da actividade | -118.961,06 |
| 10. Amortización do inmovilizado | -47.334,29 |
| 11. Subvencións, doazóns, legados de capital traspasados ao exc. do exercicio | 40.850,22 |
| 13. Deterioro e resultado por alleamento do inmovilizado | -28.545,31 |
| 14. Ingresos financeiros | 2,87 |
| 15. Gastos financeiros | -5.093,43 |
| 18. Deterioro e resultado por alleamento de Instrumentos financeiros | 2.745,51 |
| EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2) | -121.305,47 |

Balance de Situación:

| <i>Activo</i> | <i>2021</i> |
|--|-----------------------|
| A) ACTIVO NON CORRENTE | 1.189.952,52 € |
| I. Inmovilizado intanxible | 28.359,28 € |
| II. Bens do Patrimonio Histórico | 479.869,38 € |
| III. Inmovilizado material | 680.343,64 € |
| IV. Investimentos inmobiliarios | 0,00 € |
| V. Investimentos financeiros a longo prazo | 1.380,22 € |

| | |
|---|-----------------------|
| B) ACTIVO CORRENTE | 771.042,01 € |
| I. Existencias | 26.741,14 € |
| II. Usuarios e outros debedores da actividade propia | 255.202,87 € |
| III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar | 1.844,05 € |
| IV. Investimentos en entidades do grupo e asociadas a curto prazo | 0,00 € |
| V. Investimentos financeiros a curto prazo | 1.836,76 € |
| VII. Efectivo outros activos líquidos equivalentes | 485.417,19 € |
| TOTAL ACTIVO (A + B) | 1.960.994,53 € |

| <i>Pasivo</i> | 2021 |
|---|-----------------------|
| A) PATRIMONIO NETO | 1.857.446,35 € |
| A-1) Fondos propios | 940.840,24 € |
| II. Reservas | 1.062.145,71 € |
| III. Excedentes de exercicios anteriores | 0,00 € |
| IV. Excedente do exercicio | -121.305,47 € |
| A-2) Subvencións, doazóns e legados recibidos | 916.606,11 € |
| C) PASIVO CORRENTE | 103.548,18 € |
| II. Débedas a curto prazo | 73.954,55 € |
| III. Débedas con entidades do grupo e asociadas a curto prazo | 44,00 € |
| V. Acredores comerciais e outras contas a pagar | 29.549,63 € |
| 1. Provedores | 2.549,50 € |
| 2. Outros acredores | 27.000,13 € |
| TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C) | 1.960.994,53 € |

Para rematar indicar que os ingresos por cotas de socios socias acadou a cantidade de 45.815,00 €, 68.565,00 € se incluímos aos patrocinadores, protectores e concellos.

A asemblea do Padroado do 17 de decembro de 2022 aprobou o Proxecto de Orzamento do 2023 que acada a cifra de 785.468,00 € con un incremento nominal do 7,51 % sobre o ano 2022.

O crecemento da recadación por entradas, por cotas de novos patróns, de socios e socias e o incremento da achega da Xunta de Galicia son o máis destacable na partida de ingresos.

En canto aos gastos destacar o crecemento dos gastos de persoal por contar con unha persoa fixa no APOI, os de funcionamento por o mantemento da Ala Sur e da nave de Sergude e os de actividades por a partida para comunicación e a celebración do Centenario do SEG.

O orzamento de ingresos resúmese no seguinte cadro:

| 2023 | | | |
|-----------------|--------------------------------|----|---------------------|
| INGRESOS | | | |
| 1 | Padroado | | 95.490,00 € |
| | 1 Cotas patróns individuais | 50 | 10.270,00 € |
| | 2 Cotas patróns institucionais | | 85.220,00 € |
| | 3 Xunta de Galicia | | 451.800,00 € |
| | 4 Concello de Santiago | | 30.000,00 € |
| 2 | Cotas de socios | | 77.078,00 € |
| 3 | Ingresos da actividade | | 55.000,00 € |
| 4 | Outros ingresos finalistas | | 33.100,00 € |
| | Ingresos varios | | 43.000,00 € |
| Total | | | 785.468,00 € |

E os gastos previstos son:

Gastos

| | | |
|-----|--|---------------------|
| I | COMPRAS | 18.000,00 € |
| 1 | Compras de bens destinados á actividade | 18.000,00 € |
| | INVESTIGACIÓN E DESENV. DE ACTIVIDADES | 91.100,00 € |
| 1 | Exposicións | 20.000,00 € |
| 2 | Instituto de Estudo das Identidades | 3.000,00 € |
| 3 | Mostra de cine | 30.000,00 € |
| 4 | Actividades diversas | 15.000,00 € |
| 5 | Oficina dos socios | 3.000,00 € |
| 6 | Arquivo do patrimonio oral da identidade | 5.000,00 € |
| 7 | Comunicación | 7.100,00 € |
| 8 | Centenario SEG e outras actuacións | 8.000,00 € |
| II | SERVIZOS | 72.172,00 € |
| | Reparacións e mantemento | 40.400,00 € |
| | Servizos profesionais | 12.000,00 € |
| | Transportes | 2.000,00 € |
| | Seguros | 2.500,00 € |
| | Publicidade e propaganda | 2.000,00 € |
| | Outros gastos e servizos | 13.272,00 € |
| III | INVESTIMENTOS | 148.000,00 € |
| IV | PERSOAL | 446.196,00 € |
| V | OUTRAS ENTIDADES | 2.000,00 € |
| VI | FINANCIAMENTO | 8.000,00 € |
| | Total Gastos | 785.468,00 € |

En canto ao desenvolvemento do ano en curso indicar que se desenvolve no contexto habitual sinalando como elementos máis destacados a contratación dunha póliza de crédito de 150.000 € con ABANCA para cubrir o funcionamento ordinario do museo e a sinatura do convenio coa Xunta para este ano por importe de 451.800 € con 200.000 € para investimento e o resto para funcionamento.

Nestas datas xa se presentou a primeira xustificación de gasto deste convenio por un importe de 145.889,61 €.

Cabe destacar a boa marcha dos ingresos pro entradas que nos primeiros catro meses do ano acadaron un total de 16.249,00 € cun incremento do 32,42 % sobre o ano pasado.

A finais deste mes de maio pasaremos ao cobro as cotas do ano 2023.

Por outra parte informar que no último Consello de Goberno do día 3 de maio foi aprobada a proposta de Peche de Contas do ano 2022, pendente de someter a consideración da asemblea do Padroado do próximo día 27.

Dita proposta contempla un resultado do exercicio negativo en 70.209,79 € e un balance con un Activo corrente de 269.019,03 € e un Pasivo corrente de 77.390,91 € cun rateo de liquidez de 3,476.